



Dona Consuelo Besada Lores, con D.N.I. 76802898X como secretaria do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada o día 3 de agosto de 2020, con quórum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto primeiro da orde do día:

PUNTO 1º: Revisión da proposta definitiva de aprobación de proxectos presentados á primeira convocatoria de axudas da anualidade 2020 logo da súa devolución.

A xerente expón aos membros presentes da Xunta Directiva que se recibiu a devolución da proposta definitiva de concesión de axudas da primeira convocatoria de 2020. Logo de analizado o documento e revisados os aspectos sinalados no mesmo, a xerencia elaborou un informe e nova proposta técnica de aprobación de proxectos que se somete á consideración da Xunta Directiva.

En relación ao proxecto presentado pola S. Cooperativa Gallega del Mar San Miguel:

- A devolución da proposta fai referencia a dúas incidencias neste expediente:
 1. Con anterioridade á data de proposta de resolución de concesión a entidade non se atopaba ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias.
Deuse a circunstancia que habendo achegado a entidade promotora certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT con data de outubro de 2019 e con validez de doce meses, na consulta realizada pola D. X. de Desenvolvemento Pesqueiro na data do 23 de maio, o resultado foi negativo.
A xerencia do GALP realizou o informe de cumprimento de condicións de beneficiario no mes de abril, co certificado achegado polo promotor, que foi a base para a inclusión na proposta de resolución de axudas.
A raíz da Devolución da proposta de resolución de concesión de axudas, requiriuse á entidade promotora do proxecto a achega de acreditación de atoparse ao corrente das obrigas tributarias na data da proposta de aprobación do proxecto que foi remitido a través do correo electrónico na data do 31 de xullo de 2020.
 2. A concesión do local cuxas obras se inclúen no proxecto ten data posterior á data límite de presentación de solicitudes da convocatoria 2020 (2 de marzo de 2020).
A S. Cooperativa Gallega del Mar San Miguel acreditou a dispoñibilidade do local mediante a notificación da Autoridade Portuaria da concesión do mesmo. Na mesma se indicaba que a concesión foi outorgada na data do 27 de febreiro de 2020, data que foi tida en conta polo GALP Ría de Pontevedra para validar a

subvencionabilidade das obras. Pola Contra a D. X. de Desenvolvemento Pesqueiro fai constar na súa comunicación de 21 de xullo que o prazo da concesión, segundo se di na notificación da concesión de data do 11 de marzo, é posterior á data límite de presentación das solicitudes de axuda:

El cómputo de este plazo se iniciará el día siguiente al de la fecha de notificación al concesionario de la resolución de otorgamiento de la presente concesión.

Feito constar este aspecto ao solicitante, este achega certificado da Autoridade Portuaria de Marín no que se fai constar que:

El Consejo de Administración de la Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra acordó en su sesión ordinaria celebrada el 27 de febrero de 2020 otorgar a la entidad Sociedad Cooperativa Gallega del Mar San Miguel de Marín concesión administrativa de un local con destino a oficinas para labores relacionadas con la subasta y comercialización de pescado en la lonja de Marín, en los términos y condiciones señalados en el citado acuerdo y en el Pliego de Condiciones Generales de la concesión, estando el acceso de la entidad concesionaria disponible a partir del día siguiente, 28 de febrero de 2020.

- Entendendo que este documento acredita a dispoñibilidade requirida pola Orde de axudas, xúntase a esta comunicación para a súa validación pola D. X. de Desenvolvemento Pesqueiro quen poderá excluír da proposta de aprobación as obras que xa están en curso no local, no caso que considere que a documentación emitida pola Autoridade Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra non é dabondo para acreditar a dispoñibilidade do local.

En relación ao proxecto presentado por El Percebeiro S. L. (GALP 6 – 152)

- A devolución da proposta fai referencia a *que a concesión administrativa da Autoridade Portuaria de Puerto de Marín de data 29 de setembro de 2017 por un prazo de seis anos, non establece prórrogas polo que non se acredita a capacidade legal do uso e desfrute ou propiedade dos bens relacionados co proxecto polo tempo esixido de acordo co artigo 20.1.e) da orde de bases reguladoras.*
- O devandito artigo 20.1.e) da orde de bases reguladoras di:

No caso de que o proxecto o requira, o promotor deberá acreditar a capacidade legal do uso e desfrute ou propiedade dos bens relacionados co proxecto. A acreditación deberá realizarse mediante escritura pública de compravenda ou certificado do rexistro da propiedade, mediante escritura pública de cesión ou contrato de alugamento por un período mínimo de 10 anos ou mediante documento acreditativo dunha concesión administrativa prorrogable ata un período mínimo de 10 anos desde a data da solicitude da axuda.

- Feito constar este aspecto ao solicitante, este achega informe da Autoridade Portuaria de Marín (Anexo 2) respecto do prazo concesional no que se indica a posibilidade de solicitar unha prórroga e finalizada esta, a posibilidade de optar a unha nova concesión.

- Entendendo que, segundo o informe emitido pola Autoridad Portuaria de Marín y Ría de Pontevedra, se ben se garante a dispoñibilidade do local polo período de compromiso do solicitante para o mantemento do proxecto, non se cumpre a literalidade do establecido no artigo 20.1.e) da orde de bases reguladoras das axudas en canto a acreditar *unha concesión administrativa prorrogable ata un período mínimo de 10 anos desde a data da solicitude da axuda*.
- Por este motivo, propónse a revisión da proposta de aprobación de proxectos produtivos eliminado da proposta de aprobación do expediente GALP 6 – 152, como gasto subvencionable, o acondicionamento do local tal e como queda recollido na táboa do **Anexo 1_Revisión de proposta** que se xunta.

En relación ao proxecto presentado por Horta Agrelo S. L. (GALP 6 – 162)

- A devolución da proposta fai referencia a dúas incidencias neste expediente:
 1. O contrato de arrendamento presentado pola entidade promotora non ten validez xa que o arrendatario o é a título persoal e non en representación da sociedade solicitante da axuda.
Verificado este feito, foi comunicado á entidade promotora do proxecto que presenta o contrato rectificado que xa figura na plataforma de xestión de proxectos GALOPE.
 2. Sinálase que non se xustifica na memoria o carácter produtivo das actividades previstas xa que en ningún caso parecen atender a unha actividade económica a pesares de que se comprometa a creación dun emprego.

Porén á hora de avaliar o proxecto o GALP Ría de Pontevedra tivo en conta que:

- A memoria do proxecto presentada pola entidade promotora define á mesma como unha sociedade mercantil (S. L.) dedicada á educación ambiental e a prestación de servizos agroecolóxicos, á realización de proxectos relacionados co sector pesqueiro e agrario, formación en sustentabilidade, organización de feiras gastronómicas e mercados de produtos alimentarios, artesanais, ecolóxicos ou temáticos. Por todo isto queda claro o obxecto empresarial da entidade solicitante que é ben coñecida no territorio.
- O plan de empresa achegado pola entidade promotora a través do que foi avaliado a viabilidade económica e financeira do proxecto e do que se conclúe que o incremento previsto da actividade da empresa fai necesario a disposición dun espazo de almacén e taller para a preparación dos mercados que se organizan como unha das actividades da empresa e para a que se necesita tamén a contratación dunha persoa na mesma.

- Ademais, no apartado 1.4. da memoria do proxecto, indícanse os obxectivos do proxecto presentado que, se ben se estenden en aspectos conceptuais dos obxectivos xerais da empresa tamén apuntan aos obxectivos concretos entre os que indica:
 - *Restauración de dúas construcións tradicionais empregadas para almacén de aperos do campo e aperos de pesca con varias denominacións “alpendre”, “alboio” darlle un novo uso como almacén e taller para as actividades da empresa*
 - *Incrementar o valor da empresa o ter as súas infraestruturas nun entorno como o concello de Bueu, en canto a valores ambientais e de zonas con altor valor natural.*

De todo isto, o GALP Ria de Pontevedra entendeu que o proxecto reunía os requisitos para seren subvencionable como consta no informe de subvencionabilidade e que, a partir de melloras nas infraestruturas da empresa, esta podería atender unha maior carga de traballo que lle permitirá a contratación dunha persoa que segundo explica a entidade promotora:

- *A persoa a contratar realizará labores de montaxe e desmontaxe das instalacións nas feiras, ambientación, selección de expositores e coordinación de actividades paralelas (talleres, relatorios, foros, etc).*
- *Outra das labours é a asistencia técnica a xerencia para a impartición de obradoiros de educación ambiental e a redacción de proxectos.*

Sinala tamén a D. X. de Desenvolvemento Pesqueiro na devolución da proposta que o resultado previsto non é cuantificable.

Porén, á hora de avaliar o proxecto, o GALP Ría de Pontevedra tivo en conta que a entidade promotora resaltaba entre os resultados previstos (apartado 1.4 da memoria), os seguintes:

- *Proporcionar unhas instalacións a empresa nunha construción rehabilitada seguindo as características construtivas da arquitectura tradicional.*
- *Concienciar nos valores de protección do patrimonio e dos usos tradicionais do mar e a cultura rural tradicional de xeito sostible e ecolóxico.*
- *Participar de forma activa en alternativas que supoñan un desenrolo máis sostible do seu territorio.*
- *Fomentar sinerxías con iniciativas, proxectos e experiencias xurdidas en outros proxectos aprobados polo*



GALP, e que teñan que ver concretamente coa difusión do patrimonio a cultural o medioambiental e o turismo.

A Xunta Directiva do GALP Ría de Pontevedra valora tamén a contribución do proxecto a difundir as posibilidades do patrimonio tradicional para albergar novos usos e contribuír coa súa rehabilitación a unha diminución da pegada sobre o territorio.

Indícase ademais que o informe de subvencionabilidade sinala como indicador de resultado: 1 proxecto de diversificación das actividades económicas da zona, pero na memoria achegada co proxecto, non consta esta información.

A este respecto, comprobouse que na memoria inicialmente presentada coa solicitude a entidade promotora sinala como indicador 4 proxectos de diversificación das actividades económica da zona. Posteriormente, na memoria modificada presentada na data do 5 de xuño de 2020, a entidade promotora sinala como indicador 1 proxectos de diversificación das actividades económica da zona, incorporando despois outros indicadores non presentes no formulario que se entenderon como aclaracións ao xeito de levar á práctica a diversificación a través das actividades da empresa:

- *Accións de formación, divulgación e asesoramento*
- *Accións de dinamización e participación*

Tamén se di que o gasto proposto para a dixitalización da empresa non atende ao obxectivo previsto no punto 1.4. da memoria de solicitude e non é imprescindible nin necesario para executar as actuacións obxecto da subvención.

A este respecto, segundo se recolle nos obxectivos do proxecto na memoria inicialmente presentada pola empresa, un dos xeitos de incrementar o valor da empresa é a actualización das súas infraestruturas, non soamente as físicas senón tamén as dixitais, que permiten unha maior visibilidade e espazo dispoñible e mellor xestión do seu negocio.

Posteriormente, na memoria presentada na data do 5 de xuño de 2020, no apartado 1.5. a entidade promotora fai fincapé tamén en “*Utilización das novas tecnoloxías para promover o coñecemento de este patrimonio*” e no apartado 1.6 que fai referencia á contribución do proxecto á EDLP, sinala:

- *“O proxecto posúe un alto grao de contribución coa EDLP do GALP Ría de Pontevedra, dado que está orientado a conservación e posta en valor do patrimonio arquitectónico tradicional, a realización de actividades ambientais de formación e dinamización dirixidas a centros educativos, xóvenes, mulleres e colectivos con necesidades especiais, á transferencia do coñecemento, recuperar as tradicións e a posta en valor do patrimonio*



cultural marítimo e agrario (material e inmaterial) do seu territorio, a partir da dixitalización e do emprego das novas tecnoloxías”.

Neste sentido, a entidade promotora achegou na data do 5 de xuño de 2020, logo do requirimento do GALP Ría de Pontevedra, orzamento xustificativo do investimento que detalla a elaboración do que parece un plan de marketing dixital, que non responde a unha estrutura de unidades, prezo unitario, detalle dos produtos ou servizos a desenvolver, senón á realización de servizos de asesoramento e deseño dunha estratexia de contidos dixitais que permitan o posicionamento da empresa no mercado. Este orzamento está tamén dispoñible na aplicación GALOPE.

- A Xunta Directiva considera que as aclaracións realizadas pola xerente e a documentación achegada subsanan as deficiencias encontradas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

En relación ao proxecto presentado polo Concello de Marín (GALP 6 – 146)

- A devolución da proposta fai referencia a dúas incidencias neste expediente:
 1. Non existe no expediente documentación xustificativa do gasto proposto.
A este respecto, convén aclarar que entidade promotora achegou ao GALP Ría de Pontevedra, a través do correo electrónico, o proxecto técnico que inicialmente non fora requirido ao non precisar o proxecto licenza municipal para a súa execución. O orzamento ou factura proforma da execución do mesmo que xa consta na plataforma GALOPE de xestión das axudas.
 2. Non son subvencionables gastos de reparación, conservación, funcionamento nin mantemento dos bens e equipamentos nin os orixinados por mera reposición dos anteriores. Non consta no expediente xustificación algunha que permita considerar que cambio de luminarias sexa un gasto subvencionable.
O GALP Ría de Pontevedra cumprimentou o listado de comprobación de subvencionabilidade no que se indica que o proxecto inclúe investimentos que non deben ser considerados unha mera reposición de anteriores en función da tecnoloxía utilizada e o seu rendemento. Neste caso particular trátase da renovación do alumbrado interior para mellorar a eficiencia enerxética do mercado municipal de Abastos de Marín, e a súa iluminación segundo se recolle no proxecto técnico achegado.
- A Xunta Directiva considera que as aclaracións realizadas pola xerente e a documentación achegada subsanan as deficiencias encontradas pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro neste proxecto.



Polo tanto, feitas as modificacións e achegas de documentación procedentes que se recollen neste acordo, procédese a modificar a proposta de resolución definitiva de aprobación de proxectos segundo se recolle no **Anexo 1**.

A Xunta Directiva acorda publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/e> na do GALP coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Poio a 3 de agosto de 2020.

Vº Bº da presidenta,

Dona Consuelo Besada Lores

Dona María del Carmen Vázquez Nores